

## ESCOLA DA VIDA

# Alba

24.01.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A semana pasada asistiamos estupefactos e incrédulos ao xuízo celebrado contra a nai e o padrasto de Alba. Alba, unha nena que no albor da súa vida quedou paralizada de por vida polos malos tratos inferidos polos encargados do seu coidado. Non é un feito illado, por desgraza, que algúns pais en lugar de darlle amparo e educación aos seus fillos os maltraten e lles infrinxan unha dor non só física senón tamén psicolóxica, que lles vai acompañar o resto dos seus días. Pero no caso de Alba este tormento é maior porque lle cernaron as condicións para desenvolverse por si mesma.

Os nenos maltratados asumen o seu agravio e humillación como algo merecido, porque os seus agresores lle atribúen á súa maldade ou a non seguir as súas regras os seus castigos que lles imponen. Así, converten o afecto en algo negativo posto que os nenos pensan que realmente os seus pais queren o mellor para eles, e son eles os que non saben comportarse. E como consecuencia, chegan a crer que cando lles pegan ou vexan é por que realmente os queren: afectividade negativa. Polo mesmo, eles repiten o mesmo comportamento cos seus monecos, e cando chegan a ser pais fano cos seus fillos, xerando unha cadea de malos tratos que convén romper de forma definitiva, apartándoos deles. Pero a privación paterna non debe ser só para educar e protexer correctamente ao neno, senón un tempo para traballar tamén cos pais. É aquí onde menos pasos se teñen dado socialmente.

Os pais de Alba ingresarán no cárcere durante dúas décadas e ela quedará baixo a tutela dunha institución pública dedicada ao coidado de nenos con graves deficiencias, e nada se poderá xa normalizar, en definitiva. Este pode ser un caso extremo, pero moitos outros seguen as mesmas canles.

Convén reeducar aos pais, cando se poida, claro está. Se os fillos necesitan da educación e a protección dos pais, os pais precisan da axuda de todas as instancias para representar ben o seu rol e conseguir comprender un ser que vén sen manual de instrucións, pero que vai, ou así debería ser polo menos, a pasar toda a vida con eles. Nunca o dito africano foi tan expresivo do que estamos a dicir: para educar un neno precisase de toda a tribo.